

**04/2024.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA  
06 DE MARZO DE 2024**

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 06 de marzo de 2024, ás nove horas e trinta e catro minutos reúnen, baixo a presidencia do alcalde asistido da secretaria que referenda, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

**PRESIDENTE:**

Antonio Alonso Román (Decreto de substitución nº 461/2024, do 06 de marzo)

**CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:**

Ana Mª Pena Purriños

Elena López Seco

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego

Lorena Tenreiro Blanco

Francisco da Silva Vello

María Jesús Romero Franco

Mª del Carmen Dopico Rodríguez

Fernando Vilaboy Ledo

Carmela Franco Caaveiro

**NON ASISTEN CON ESCUSA:**

Valentín González Formoso

Diego Balsa Bellas

**SECRETARIA:**

Marina Núñez Orjales

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

**1.- APROBAR AS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DOS DÍAS 10/01/2024  
(ORDINARIA); 22/01/2024 (EXTRAORDINARIA); 09/02/2024  
(EXTRAORDINARIA URXENTE)**

O presidente da sesión dá conta das seguintes actas para a súa aprobación, de conformidade co previsto no artigo 91.1 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 30 do Regulamento orgánico do Concello das Pontes de García Rodríguez:

- 10/01/2024 (ordinaria): aprobase por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes.
- 22/01/2024 (extraordinaria): aprobase por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes.
- 09/02/2024 (extraordinaria urxente): aprobase por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes.

**2.- DAR CONTA DOS DECRETOS DOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2024. EN PARTICULAR, DOS DECRETOS Nº 74/2024, DO 17 DE XANEIRO; 140/2024, DO 22 DE XANEIRO; 158/2024, DO 23 DE XANEIRO; 162/2024, DO 24 DE XANEIRO; 204/2024, DO 30 DE XANEIRO; 237/2024, DO 05 DE FEBREIRO; 266/2024, DO 09 DE FEBREIRO; 331/2024, DO 21 DE FEBREIRO.**

O presidente, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no artigo 30 do Regulamento orgánico municipal, deu conta dos decretos correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2024.

En particular, dáse conta dos decretos nº 74/2024, do 17 de xaneiro; 140/2024, do 22 de xaneiro; 162/2024, do 24 de xaneiro; 204/2024 do 30 de xaneiro; 266/2024, do 09 de febreiro de substitución nas funcións da Alcaldía e dos decretos nº 158/2024 do 23 de xaneiro; 237/2024 do 05 de febreiro e 331/2024 do 21 de febreiro de delegacións especiais.

**3.- MOCIÓNS**

O presidente da sesión, de acordo co artigo 91.4 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dá conta das seguintes mocións:

**1.- Moción para fomentar os plans de conciliación e a colaboración coas asociacións de mulleres do concello con motivo da celebración do día internacional da muller 8M**, que presentou o grupo municipal do PP o día 28/02/2024 (RE núm. 202499900000843). O texto da moción é o seguinte:

“Antecedentes

A celebración de 2024 das Nacións Unidas con motivo do Día Internacional da Muller ten como lema Investir nas mulleres, acelerar o progreso, centrándose en cinco áreas que requiren unha acción conxunta: acabar coa pobreza e coa desigualdade, poñer en marcha un financiamento transformador para a igualdade de xénero, pasar a un desenvolvemento sostible e a unha sociedade dos coidados e apoiar os feminismos e movementos que impulsan o cambio.

Levamos anos avanzando grazas ao traballo de milleiros de mulleres, asociacións e colectivos que conseguiron facer do feminismo un movemento sólido e acadar novos dereitos. Nos últimos tempos, estanse a vivir momentos de profundas transformacións sociais, económicas e culturais arredor de todo o mundo. Crises humanitarias, inxustizas e violencia que poñen en risco os dereitos conseguidos ata o de agora.

Este ano, o 8M quere conmemorar todos os avances conseguidos ata a actualidade, pero tamén promover a consciencia das desigualdades sociais que seguen existindo. Por isto, este día quere reivindicar a necesidade imperante de investir e de mobilizar recursos para garantir os dereitos das nenas e mulleres, de loitar contra a violencia de xénero e de crear sociedades inclusivas.

O Grupo Municipal Popular de As Pontes quere sumarse ás reivindicacións e celebración do 8 de Marzo para poñer de manifesto a importancia do investimento para acadar a igualdade real e efectiva nun eido vital para o desenvolvemento da nosa sociedade e do noso Concello.

O 8 de marzo e sempre, cómpre lembrar e poñer en valor os pasos dados nos últimos tempos para alcanzar unha sociedade máis xusta e equitativa, como a aprobación da Lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia, que promove as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e garantindo os dereitos das mulleres nos eidos rural e marítimo pesqueiro.

Este último ano, Galicia deu un importante paso na regularización coa aprobación da Lei 07/2023, Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes na Comunidade Autónoma, aprobada o 30 de novembro. Unha medida que consagra o marco da Lei Orgánica 03/2007 para eliminar a discriminación das mulleres e atribuíndo o máis alto grao de efectividade ao dereito constitucional á igualdade entre mulleres e homes no eido das competencias da Comunidade Autónoma.

Polo anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular propón o Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte:

#### ACORDO

a) Que o Concello, no marco das súas competencias:

1. Fomente os plans de conciliación, modelos alternativos de coidados e a empregabilidade das mulleres no tecido económico local.
2. Incremente a colaboración coas asociacións de mulleres do concello co obxectivo de promover a igualdade en todos os eidos.
3. Promova a adhesión dos locais de ocio nocturno do municipio ao Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGTBfóbicas.

a) Dirixirse á Xunta de Galicia para:

1. Impulsar o emprendemento feminino e o fomento de mulleres en sectores altamente masculinizados.
2. Colaborar coas organizacións na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización.
3. Continuar coa formación dos CIM e do persoal orientador das oficinas de emprego e dos centros educativos de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais libres dos prexuízos e estereotipos de xénero.
4. Fomentar a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio profesional tanto no ámbito público coma no privado.
5. Fomentar a igualdade como base fundamental na elaboración e execución das políticas administrativas (convenios, plans de acción, protocolos etc.)

- a) Dirixirse ao Goberno do Estado para:
1. Incrementar os fondos do Plan Corresponsables para adecuar as accións ás necesidades reais da sociedade co obxectivo de chegar á maior poboación posible.
  2. Unificar todos os fondos finalistas para a prevención e loita contra a violencia de xénero e que todos eles teñan o mesmo tratamento orzamentario, así como que a repartición sexa igualitaria e en base a uns criterios xustos e equitativos.

A voceira do grupo municipal PP, retira a moción.

**2.- Moción para apoiar as medidas incluídas no “Manifesto de conselleiros de sanidade para a toma de medidas estatais urxentes en materia de atención primaria”,** que presentou o grupo municipal do PP o día 28/02/2024 (RE núm. 202499900000845). O texto da moción é o seguinte:

“Antecedentes

A situación que está a atravesar a atención primaria está a ser difícil en toda España por un problema estatal de déficit de especialistas en medicina de familia dispoñibles para contratar que fai case imposible conseguir cubrir as prazas nos casos de xubilacións, baixas ou ausencias.

Coñecíamos dende fai anos que esta difícil situación ía a chegar, por iso xa en abril do 2018, as comunidades autónomas xunto co goberno do Estado aprobaron, por unanimidade, nun Consello Interterritorial unha serie de medidas prioritarias para corrixir as carencias que se estaban orixinando.

Sen embargo, aquelas medidas pactadas en abril quedaron sen efecto coa chegada ó goberno do PSOE en xuño de 2018, postergando o pactado no Consello Interterritorial e empeorando a situación da atención primaria cada ano que pasaba.

Foron 4 anos de inacción ata que en 2022 o Ministerio presentou ó Consello Interterritorial un informe coordinado pola catedrática Beatriz González López-Valcárcel titulado “Informe Oferta-Necesidad de Especialistas Médicos 2021- 2035”, no cal se marcaba o 2027 como punto de inflexión onde se producirían situacións críticas non Sistema Nacional de Saúde (SNS).

O devandito informe sinala a especialidade de medicina familiar e comunitaria como “a especialidade con peores prognósticos de déficit”. Identificando como as causas máis determinantes neste problema, a fuxida dos residentes desta especialidade a urxencias e o escaso incremento das prazas MIR debido á rixidez do procedemento de acreditación de prazas formativas. Ademais do aquí sinalado tamén se recomenda adoptar incentivos para prazas de difícil cobertura que poderían quedar vacantes incluso nun escenario con máis especialidades polo seu pouco atractivo profesional.

Neste tempo nada se fixo por parte do Goberno Central máis que deixar correr o reloxo, todas as medidas que se levaron a cabo foron no ámbito competencial das comunidades autónomas, sendo quen de asumir as súas responsabilidades en materia sanitaria sen o apoio do goberno.

Exemplo disto foi o aumento constante de prazas MIR que se deu en distintas comunidades, como Galicia, que leva anos cubrindo o 100% das prazas acreditadas e solicitando a acreditación de máis ata chegar ás 207 ofertadas na última convocatoria.

De feito, nos últimos 15 anos Galicia duplicou a súa oferta de prazas desta especialidade (desde as 88 de 2009 ata as 207) fronte a un incremento en toda España dun 30% (de 1.904 en 2009 a 2.492 este ano).

Pero o sistema non dá máis de si. A rixidez dos criterios para crear novas prazas obrigou ao goberno galego a crear máis prazas de residentes nos poucos centros que xa podían formalos (arredor de 100 dos máis de 400 que ten Galicia) en lugar de incorporar residentes a outros centros aos que non se permite formar por criterios tan arbitrarios como ter 4 médicos en lugar de 3.

Ata tal punto chegou a situación, que País Vasco e Galicia tomaron a iniciativa e elaboraron un manifesto onde reclaman ó Goberno de España unha serie de medidas urxentes para solucionar a situación na que se atopa a atención primaria. A este manifesto uníronse máis comunidades autónomas, como Cataluña, Castela e León, Andalucía ou Madrid, entre outras. Comunidades gobernadas, por partidos de distinto signo pero que son conscientes de que o verdadeiro problema que afronta a atención primaria non entende de cores políticas.

O contido deste manifesto foi trasladado ao Congreso dos Deputados como resolución durante o Debate do Estado da Nación celebrado en xullo de 2022. Esa resolución obtivo o respaldo maioritario do Congreso, logrando o apoio dunha decena de partidos políticos tamén de diferente signo.

Porén, nos Consellos Interterritoriais posteriores a esta votación non se ten expresado por parte do Goberno de España intención de dar cumprimento a este acordo.

De feito, pechouse unha nova convocatoria MIR sen cambios no modelo de asignación de prazas e sen a flexibilización previa de acreditación das unidades docentes, polo que a ampliación de prazas concedida resultou insuficiente. Galicia defendeu que a orde contemplase unha posible ampliación posterior das prazas no caso de que esa mudanza dos requisitos se consumase e se puideran acreditar máis prazas, pero non consta que o Goberno aceptase tampouco esa petición.

Así, na convocatoria MIR para 2024 hai preto de 14.000 admitidos polo Ministerio para una convocatoria de 8.772 prazas de médico residente. Máis de 5.000 médicos titulados quedarán sen formación especializada.

A falta de reformas estruturais no sistema por parte do Goberno segue a causar que, cada ano, milleiros de graduados non podan optar a unha praza de formación sanitaria especializada cando o Sistema Nacional de Saúde lles necesita con urxencia.

As medidas do manifesto elevado por Galicia e País Vasco en 2022 seguen de máxima vixencia e por iso están recollendo cada vez máis adhesións, sendo as máis recentes os dos gobernos autonómicos de Comunidade Valenciana, Aragón, Baleares ou Extremadura.

Por outra banda, a escaseza xeneralizada de persoal está a ter tamén un impacto directo na sanidade xestionada polo Goberno central: a dos centros penitenciarios. Nunha recente resposta parlamentaria, o Goberno de España recoñecía que ten vacantes o 70% das prazas médicas nos cárceres de Galicia. E a única resposta que está a dar o Goberno de Sánchez a esta situación está a ser a contratación de servizos privados de asistencia sanitaria para os reclusos, nun claro caso de desmantelamento e privatización dun servizo sanitario público.

Polo anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular propón o Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte:

## ACORDO

1. Acordar o seu apoio ás medidas incluídas no ‘Manifesto de conselleiros de sanidade para a toma de medidas estatais urxentes en materia de atención primaria’ respaldado pola maioría dos gobernos autonómicos e pola maioría do Congreso dos Deputados e que inclúe reformas que permitirían incrementar en 1.000 as prazas formativas anuais de medicina de familia en toda España nos vindeiros anos para afrontar o relevo xeracional na atención primaria.
2. Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o cumprimento do mandato parlamentario que lle insta a adoptar estas medidas, trala aprobación dunha resolución no Congreso dos Deputados nese senso.
3. Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que reverta a privatización dos servizos sanitarios dos centros penitenciarios galegos, volvendo a prestar esta atención desde o sistema público con persoal sanitario propio de Institucións Penitenciarias.
4. Acordar dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Sanidade do Goberno de España“

Tras o debate pertinente, a moción é rexeitada con dous votos a favor do PP e nove votos en contra (6 do PSdeG-PSOE e 3 do BNG).

**3.- Moción para incluír a praia do lago na Rede Galega de praias sen fume e o parque do Campo da Feira na Rede Galega de Parques sen fume** que presentou o grupo municipal do PP o día 28/02/2024 (RE núm. 202499900000846). O texto da moción é o seguinte:

“Antecedentes

A Organización Mundial da Saúde (OMS), establece o consumo de tabaco como a primeira causa de mortalidade evitable e confirma como perigosa para a saúde calquera nivel de exposición pasiva do fume de tabaco.

Neste sentido, é moi importante conseguir a desnormalización do consumo de tabaco na nosa sociedade. O programa galego de promoción dunha vida sen tabaco da Dirección Xeral de Saúde Pública, vixente dende o ano 1993, é o marco idóneo para encadrar todas as actividades realizadas con este fin.

A creación de espazos sen fume ao aire libre, e a súa extensión a diferentes ámbitos, teñen un fin educativo e de sensibilización social. Ampliar a limitación do consumo a lugares que non están recollidos na normativa actual, fainos avanzar e cambiar a percepción social sobre o tabaco, co obxectivo de converter estes contornos en educativos e preventivos.

No ano 2016 creouse a rede galega de praias sen fume, sendo unha iniciativa pioneira a nivel estatal, o que fixo a Galicia referente na creación de espazos sen fume ao aire libre non regulados pola normativa vixente. No ano 2018 realizouse a extensión aos portos deportivos e actualmente estase desenvolvendo a Rede galega de parques sen fume.

Os obxectivos desta iniciativa son compartidos por todas as redes que se van implantando na nosa comunidade:

- Promocionar unha vida sen tabaco.
- Desnormalizar o consumo de tabaco na sociedade

- Reforzar o papel modélico positivo dos pais/nais
- Promover contornos que respecten e coiden o medio ambiente

Pertencer á rede compromete ao concello a:

- Identificar e sinalizar os parques cos materiais da rede. O deseño será facilitado pola Dirección xeral de Saúde Pública (DXSP). A todos os concellos que se incorporen a esta iniciativa se lles facilitará de forma gratuíta a sinalización dun parque.
- Difundir entre a poboación, os folletos informativos e de sensibilización facilitados pola DXSP.
- Desenvolver no concello actividades ou accións encamiñadas a lograr unha sociedade libre de tabaco.
- Realizar actividades para sensibilizar a sociedade dos beneficios de vivir sen tabaco.

Polo anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular propón o Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte

ACORDO

1. Aprobar incluír a Praia do lago na Rede Galega de Praias sen fume.
2. Aprobar incluír o Parque do Campo da Feira na Rede Galega de Parques sen fume , como un primeiro paso de inclusión dos diferentes parques infantís da nosa Vila na Rede de Parques sen fume de Galicia
3. Instar ao Alcalde de As Pontes a dar os pasos necesarios para inscribir ambas áreas na correspondente rede sen fume da DXSP. “

Tras o debate pertinente, a moción é rexeitada con cinco votos a favor (2 do PP e 3 do BNG) e seis votos en contra do PSdeG-PSOE.

**4.- Moción para promover novo chan industrial no concello das Pontes de García Rodríguez**, que presentou o grupo municipal do BNG o día 01/03/2024 (RE núm. 202499900000893). O texto da moción é o seguinte:

“Antecedentes

Estudo para a Habilitación de Chan Industrial no Concello das Pontes. Avaliación Preliminar das Distintas Alternativas (decembro 2019).

Polo anterior, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego propón o Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Iniciar o expediente, prioritario e urxente, para o desenvolvemento do chan industrial do Aparral, segundo o establecido no “Estudo para a Habilitación de Chan Industrial no Concello das Pontes. Avaliación Preliminar das Distintas Alternativas”.
2. Demandar dos organismos competentes do Estado e da Xunta a súa colaboración técnica, económica e administrativa, prioritaria e urxente.

3. Demandar da Deputación da Coruña a mellora, prioritaria e urxente, da estrada DP-7003, coas características necesarias adaptadas á finalidade do uso que se pretende.
4. Comprometer a mellora, prioritaria e urxente, da estrada municipal afectada, coas características necesarias adaptadas á finalidade do uso que se pretende.
5. Encomendar ao Alcalde o desenvolvemento do presente acordo.

Tras o debate pertinente, a moción é rexeitada con cinco votos a favor (2 do PP e 3 do BNG) e seis votos en contra do PSdeG-PSOE.

**5.- Moción para ampliar o persoal de policía local do concello das Pontes de García Rodríguez** que presentou o grupo municipal do BNG o día 01/03/2024 (RE núm. 202499900000894). O texto da moción é o seguinte:

“Antecedentes

Oferta de Emprego Público (OEP) do Concello das Pontes correspondente a 2023, aprobada pola Xunta de Goberno Local o 25 de novembro de 2023.

Polo anterior, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego propón o Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte

ACORDO

1. Iniciar, de urxencia e de xeito prioritario, o expediente para cubrir as dúas (2) prazas de Policía Local incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2023
2. Encomendar ao Alcalde o desenvolvemento do presente acordo.

Tras o debate pertinente, a moción é rexeitada con cinco votos a favor (3 do BNG e 2 do PP) e seis votos en contra do PSdeG-PSOE.

**6.- Moción para compensar a perda de ingresos municipais polo peche da Central Térmica de Carbón**, que presentou o grupo municipal do BNG o día 01/03/2024 (RE núm. 202499900000896). O texto da moción é o seguinte:

“Antecedentes

O borrador inicial do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (PNIEC), que establece obxectivos, políticas, e medidas para, segundo o goberno do Estado, alcanzar a neutralidade climática antes de 2050, iniciou o período de consulta pública o 22 de febreiro de 2019, data na que tamén se presentou na Comisión Europea para a súa avaliación, que publicou as súas recomendacións en xuño do mesmo ano. Para o seu denominado Escenario Obxectivo 2030, o citado documento establecía unha evolución da potencia instalada para a xeración de electricidade mediante carbón que partía dos 11.311MW de 2015, 10.524MW de 2020, 4.532MW de 2025, ata os 0MW para 2030 (en realidade, para o devandito ano figuraba un intervalo 0-1.300MW, aínda que o último dato non se consideraba no cómputo total), evolución que intensificou a súa previsión decrecente na versión final resultado do Acordo do Consello de Ministros do 16 de marzo de 2021 recollido na Resolución do 25 de marzo de 2021, conxunta da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e da Oficina Española de Cambio Climático, fixando un obxectivo para 2025 de 2.165MW, case coincidente cos 2.061MW actuais, segundo REE. No citado texto faise referencia “... á perda substancial do peso do carbón na xeración eléctrica no período do Plan ...”, e afirmase que “Nove das quince centrais térmicas de carbón existentes na actualidade -2019- non



estarán posiblemente operativas ao comezo do Plan en 2021... É dicir, prevese que ao comezo do Plan sigan activas seis centrais de carbón ...” Os datos publicados por REE indican unha redución porcentual á terceira parte, do 9,6% ao 2,8%, na potencia instalada de centrais térmicas de carbón a respecto do total estatal entre o 2018 e 2023, mentres que en referencia ao total da xeración eléctrica no mesmo período temporal, a achega do carbón reduciuse á décima parte, do 14,3% ao 1,5%, con apenas tres centrais termoeléctricas en 2024, en Andalucía e Asturias propiedade de EDP (en proceso de conversión a hidróxeno) e nas Iles Illes Balears de Endesa (con limitación en horas de funcionamento anual), que representan o 1,7% da potencia instalada e achegan ao *mix* de xeración eléctrica algo menos do 1%. Tamén no documento achéganse as causas do peche das centrais de carbón, ao afirmar que “ ... antes de 2030 as centrais térmicas de carbón deixarán de ser competitivas dado o aumento previsto no prezo da tonelada de CO2 no sistema europeo de comercio de emisións (35 €/t) -24,84 €/t media anual 2019, no 2023 83,50 €/t, con máximos mensuais 91,82 €/t en febreiro de 2023-, a continua redución de custos nas tecnoloxías renovábeis para a xeración eléctrica e o prezo relativo do gas ...” É evidente, por tanto, que as causas que motivaron e derivaron no peche anticipado, non planificado e caótico, son de orixe política, deseñadas, directa ou indirectamente, e aplicadas dende o Estado. E as súas consecuencias e efectos socioeconómicos e laborais negativos nas zonas con centrais térmicas (Andalucía, Aragón, Asturias, Castela e León, Castela-A Mancha, Catalunya, Euskadi, Galiza, e Iles Balears) tamén eran previsíbeis, como recoñece o PNIEC ao establecer que “... En todo caso, a transición no sector terá que ir acompañada de medidas de apoio ás comarcas afectadas para asegurar que o proceso se desenvolve de forma xusta e solidaria ...” No noso caso, para concretar e cuantificar tales efectos, chega con enunciación algunhas das conclusións do estudo sobre o “Impacto Socioeconómico nas Pontes da Descarbonización Enerxética”, elaborado para o Concello das Pontes en marzo de 2021 por un equipo de investigación da Universidade da Coruña, integrado, entre outros, polo que fose Presidente da Xunta Dr. Fernando González Laxe. Para os investigadores, en termos de emprego, o peche da central térmica significa a perda de 1.178 postos de traballo ocupados por residentes no municipio (en cifras de 2018, últimos datos estatísticos dispoñíbeis no momento de elaboración do estudo, e coetáneo co informe de impacto de Endesa), aos que deberían de sumarse 299 do resto da zona de influencia, cun resultado total de 1.477; detalla o estudo que apenas un 33% da poboación activa residente conservaría o seu emprego na localidade, un 34% pasarían a atoparse sen emprego, e o restante 33% estarían a traballar fóra da localidade, cun 285% de aumento do paro rexistrado local. Tal situación no emprego significaría tamén a perda de 67 millóns de euros anuais en termos de Valor Engadido Bruto, dos que 34 millóns serían en concepto de perdas salariais e outros 33 millóns en rendas da propiedade e da empresa. Con respecto á perda de ingresos municipais derivados do peche, son dous os conceptos cuantitativamente máis importantes, en concreto os derivados da aplicación dos impostos de Actividades Económicas (IAE) e dos Bens Inmóveis Urbanos de Características Especiais (IBIBICES); nun recente informe técnico da área económica municipal cuantifícase nuns 670.000 €/ano (42% do concepto impositivo) a diminución en concepto de ingresos polo primeiro, e nuns 2 millóns (27%) anuais para o segundo. No caso do IAE a diminución está a ser gradual e intermitente, dependendo das características técnicas da Central e da estratexia empresarial da propietaria, coa metade da perda desde o 2021, mentres que a outra metade repártese entre o 2022 e parte do 2023, sendo total neste ano. Situación diferente é a do IBI, imposto cuxo censo analítico é un rexistro administrativo, o Catastro Inmobiliario -regulado polo Real Decreto Lexislativo 1/2004-, no que se

describen os bens inmobeis rústicos, urbanos e de características especiais, que comprende as súas características físicas, económicas e xurídicas, entre as que se atopan a localización e a referencia catastral, a superficie, o uso ou destino, a clase de cultivo ou aproveitamento, a calidade das construcións, a representación gráfica, o valor catastral e o titular catastral; a formación e o mantemento do Catastro Inmobiliario e a difusión da información catastral é de competencia exclusiva do Estado, exercida pola Dirección Xeral do Catastro, que ten a superior función de coordinación de valores e a de aprobación dos relatorios dos mesmos. Pois ben, o criterio que está a aplicar no caso das centrais térmicas, sen consulta previa algunha ás administracións locais prexudicas e en manifesto beneficio das empresas propietarias, consiste en eliminar a condición de características especiais e aplicar tan só a condición de urbano na base impositiva, tomando como referencia o último relatorio de valores, aplicación que se fará efectiva o 1 de xaneiro do ano seguinte ao que figure na acta de peche da central, con probabilidade de que sexa neste 2024; este criterio ignora todo o proceso de desmantelamento das instalacións, que oscila entre o período de tres anos establecido nas autorizacións de peche e o descrito nos estudos de impacto ambiental duns cinco anos, aos que deberían de engadirse un ou dous anos máis necesarios para a remediación de chans contaminados e clausura do vertedoiro de residuos non perigosos, todo iso antes de asignar un novo uso aos devanditos terreos, previsiblemente industrial. É dicir, no caso das Pontes estamos a falar de eliminar por completo, por criterio unilateral da Dirección Xeral do Catastro, a opción de ingreso municipal, público por tanto, duns 14 millóns de euros, cantidade que deixa de pagar a empresa privada -ou non pública española, para mellor concreción-.

Pois ben, acreditada a perda de ingresos municipais derivada do peche da Central por causas políticas estatais, iniciais no anuncio e aplicación -sen planificación algunha- do PNIEC 2021-2030 e do mercado dos dereitos de emisións de CO<sub>2</sub>, e posteriores coa aplicación do criterio impositivo regresivo do catastro, entendemos necesario e obrigado establecer as oportunas compensacións, que deben ser tamén estatais. E para iso é posíbel enunciar algunha referencia, como a implementada con motivo da reforma do IAE contemplada no por entón proxecto de Lei de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, que motivou o acordo de novembro de 2002 entre o goberno e a FEMP sobre o novo sistema de financiamento das facendas locais, en concreto o de compensación pola supresión do IAE, coa finalidade de preservar o principio de suficiencia financeira das entidades locais e previr a posíbel diminución de ingresos que puidesen experimentar, perdas que, no caso que nos ocupa do peche anticipado e non planificado da Central, está cuantificado polo Concello das Pontes.

Polo anterior, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego propón o Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado, nomeadamente ao Ministerio de Facenda a negociar e aplicar, de forma urxente, co Concello das Pontes, afectado polo peche da Central Térmica de Carbón de 1.400MW, un mecanismo de compensación pola perda de recadación municipal, cando menos en concepto de IAE e IBI-BICES, producida polo devandito peche, anticipado e non planificado, coa finalidade de preservar o principio de suficiencia financeira das entidades locais.

2. Comunicar o presente acordo á Asociación de Municipios para unha Transición Enerxética Xusta (AMTE JUSTA), da que forma parte o Concello das Pontes.
3. Encomendar ao alcalde o desenvolvemento do presente acordo.

Tras o debate pertinente, a moción aprobouse cunha emenda a proposta da concelleira Ana M<sup>a</sup> Pena Purriños (PSdeG-PSOE) por unanimidade dos 11 concelleiros e concelleiras presentes, (6 do PSdeG-PSOE, 3 do BNG e 2 do PP).

O acordo finalmente acadado foi o seguinte:

1. Instar ao Goberno do Estado, nomeadamente ao Ministerio de Facenda a negociar e aplicar (de acordo co informe elaborado por AMPTE Justa no que se solicita a posta en marcha de fórmulas de compensación pola importante merma dos ingresos tributarios no concello das Pontes), de forma urxente, co Concello das Pontes, afectado polo peche da Central Térmica de Carbón de 1.400MW, un mecanismo de compensación pola perda de recadación municipal, cando menos en concepto de IAE e IBI-BICES, producida polo devandito peche, anticipado e non planificado, coa finalidade de preservar o principio de suficiencia financeira das entidades locais.
2. Comunicar o presente acordo á Asociación de Municipios para unha Transición Enerxética Xusta (AMTE JUSTA), da que forma parte o Concello das Pontes.
3. Encomendar ao alcalde o desenvolvemento do presente acordo.

**7.-Moción para promover a ampliación de prazas ata o total autorizado no centro de día,** que presentou o grupo municipal do BNG o día 01/03/2024 (RE núm. 202499900000895). O texto da moción é o seguinte:

“Antecedentes

Actualmente, o Concello das Pontes continúa sen dispoñer de servizos públicos sociosanitarios suficientes nas súas diferentes modalidades (insuficiencia de prazas de atención diúrna, ausencia de prazas públicas residenciais...) que cubran as necesidades da poboación, obrigando así a buscar recursos privados de elevado custo - na súa maioría fora da propia área sociosanitaria- ou a acceder a centros residenciais públicos en zonas afastadas do seu lugar de residencia, mesmo fora da provincia.

Os Centros de Día son servizos de atención diúrna para persoas en situación de dependencia que precisan atención e/ou apoios de media intensidade (xornada parcial ou completa) e que permiten garantir o mantemento das persoas usuarias no seu domicilio e na súa contorna, retrasando na medida do posible a institucionalización.

Segundo consta publicado no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), o Centro de Día das Pontes, de iniciativa pública e dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, iniciou a súa actividade o 21/09/2012 cun total de 30 prazas autorizadas.

Inicialmente, segundo o convenio de colaboración entre o Consorcio e o Concello das Pontes para a xestión indirecta do dito Centro - aprobado por Resolución da Alcaldía o 24/10/2012 - estableceuse a gradualidade na dispoñibilidade das prazas, dando cobertura (nos exercicios 2012 e 2013) a un total de 16 prazas e debendo aumentar progresivamente ata as 30 autorizadas.

A última licitación que ten unha cobertura dun máximo de 16 prazas, non cumprindo coa aumento gradual previsto tras 12 anos de actividade e sen atender ás necesidades e

demandas da poboación pontesa solicitante do devandito recurso, como o evidencia o número de persoas na listaxe de agarda.

Polo anterior, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego propón o Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Demandar do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, no cumprimento das súas obrigas, a oferta, polo procedemento de urxencia, da totalidade das prazas autorizadas no Centro de Día das Pontes.
2. Solicitar unha reunión urxente das integrantes da Comisión de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación coa Presidencia e a Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, coa finalidade de tratar o asunto motivo do acordo e achegar certificación do mesmo.
3. Encomendar ao alcalde o desenvolvemento do presente acordo

Tras o debate pertinente, a moción aprobase cunha emenda a proposta da concelleira M<sup>a</sup> Tania pardo Cabarcos (PSdeG-PSOE) por unanimidade dos 11 concelleiros e concelleiras presentes, 6 do PSdeG-PSOE, 3 do BNG e 2 do PP.

O acordo finalmente acadado foi o seguinte:

1. Demandar do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, no cumprimento das súas obrigas, a oferta, polo procedemento de urxencia, da totalidade das prazas autorizadas no Centro de Día das Pontes.
2. Solicitar ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e a Consellería de Medioambiente, Territorio e Vivenda o mantemento e arranxo do edificio de vivendas interxeracionais da rúa Sergio Rivera Chao onde se encontra o Centro de Día.
3. Solicitar unha reunión urxente das integrantes da Comisión de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación coa Presidencia e a Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, coa finalidade de tratar o asunto motivo do acordo e achegar certificación do mesmo.
4. Encomendar ao alcalde o desenvolvemento do presente acordo.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

O presidente abre a quenda de rogos e preguntas, de acordo co artigo 82.4 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A voceira do Partido Popular formula os seguintes:

- No decreto das bases do proceso selectivo de 5 prazas de administrativo porque non se realiza un exame tipo test, porque se utiliza un temario de A2 e non hai prazas reservadas a persoas con discapacidade?
- No Decreto de cobertura dos servizos do SAF varias persoas pasan ao final da lista porque non se atenderon as chamadas. Como se está realizando o chamamento?
- Nos arranxos das pistas, obras do POS anexo II, reflíctense zonas con fibrocemento, existe algún punto da rede con fibrocemento?

- Existe algún plan de fugas da rede de abastecemento de augas?
- Na área de deportes, producíronse axustes no ximnasio e na piscina?
- En que punto se encontra a tramitación da RPT?
- Cal é a situación da carpa do concello?
- Na praza de América, vaise cambiar a rampa lateral de acceso á parte principal?

A voceira e concelleiras e concelleiros do BNG formulan os seguintes rogos e preguntas

- Na ponte dos Cornos non existe acceso para persoas con mobilidade reducida.
- Solicítase a creación dun rexistro público de entidades municipais, sociais...
- A biblioteca, onde se vai situar definitivamente? Poden facer achegas de propostas os usuarios?
- Que se tratou nas reunións da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental dependente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático?
- Sería posible facer actos publicitarios informativos sobre os proxectos industriais en marcha?
- Respecto dos decretos de electricidade apuntase que a comercializadora está inhabilitada segundo BOE do 23 de decembro.
- Sería posible tramitar o servizo de subministración de electricidade xunto con outros concellos?
- Respecto do FCA, sería posible destinar os fondos prioritariamente ás zonas en que se xeneran?
- A qué finalidade responden tres contratos menores en materia de deportes?
- En qué situación está o abastecemento de auga a Merlán?
- No campo de fútbol poderíanse poñer vestiarios e servizos nunha 2º fase?
- Respecto das mesas electorales, apuntanse as queixas polos cambios que houbo nas últimas eleccións autonómicas; haberá alternativas?

## REMATE DA SESIÓN

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás doce horas e vinte cinco minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretaria, certifico.

A secretaria

Marina Núñez Orjales

O presidente

Antonio Alonso Román

## ARQUIVO DE VÍDEO E AUDIO

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 06/03/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

5F082F6C594188A075B48090CC8E9B2949E204BEA670E2BB10AABFF0F6CB7E9  
7

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

O arquivo de audio da grabación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

A9A43DBA0D621BB3AAF6D3B3AAA149BCDD5642B68884D2F896711DC6E3F4  
BA09

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de audio, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento

A secretaria

Marina Núñez Orjales